



Asociación Amadores da Música



Banda Sinfónica  
Municipal de Ribadeo



"la Caixa"

# AQUÍ COMO EN VIENA



Ribadeo 2006  
Mércores 4 de Xaneiro  
8:30 no Auditorio Municipal

Aquí como en Viena, made in Ribadeo.

Vistan as súas mellores galas que a función está a punto de comezar.

Os homes camiseta de *Rei Zentolo* co logo de "I love polbo" e pantalóns de Zara, as señoras unha chaqueta de punto de *Stradivarius* e unha saia de *Bershka*. Os zapatos mérquenos na *Moda* ou en *Botana* que son comercios de confianza. Os peiteados de cabaleiro raia ao medio e un pouco de *Grecian 2000* para cubrir as canas; as señoras permanente do día antes e durmir de pé para que non se estrague. Nos aromas nós non dicimos nada pero agradácese un pouco de *Varon Dandy* para el e un pouco de *Sanex roll – on* para ela que disque é moi suave.

Vostedes poñen as galas e nós a música.

En Viena tocan Strauss a mazo e este ano tamén Mozart porque cumpre 250 anos.

Aquí tocamos de todo un pouco. Unha marcha triunfal de Clarke para que os sopros poidan quecer motores e unha obra para timbal solista e grupo de metal para que vostedes vaian sentando nas butacas.

Co respetábel xa situado unha overtura de nome impronunciábel, *Appalachian*. E logo Gershwin, un dos clásicos da música do século XX, *Rhapsody in Blue*. Quen lle diría a el que ía soar nun concerto de nadal? Se llo contan, non o cre. Pero nós aventurámonos a ver que pasa. E unha do mestre Soutullo para os clásicos, *Redondela*.

En Viena a orquestra acompaña-se de corpo de baile estilo cisne. Aquí xuntamos unha vez máis banda e coral, música e voz para poñer o ton de nadal a este concerto. Menos glamouroso pero máis efectivo.

*White Christmas* de Irving Berlin no que ía actuar de solista da Coral Jesús Hermida pero non houbo quen lle fixese collar o ton así que o deixamos para outra vez.. E outro clásico é o *The Little Drummer Boy* sen Raphael pero coa Coral. E para pechar un valse que non é de Strauss pero que se baila igual. Nicole Kidman e Tom Cruise bailárono en *Eyes Wide Shut* o filme póstumo de Kubrick así que ergan dos seus asentos, collan a súa parella e déixense levar ao compás da música.

En Ribadeo non dirixe Mariss Jansons. Aquí a batuta pónena Mari Carmen Rodríguez Cancelo na Coral e Lourenço Cruz

na banda.

O salón no que tocamos non é o Salón Dourado do Musikvereir de Viena, é o Auditorio Municipal, máis pequeno pero máis quentiño.

A hora, moito mellor a nosa, nada que ver co atentado á persoa que supón poñer un concerto en aninovo ás once da mañá. My Way que diría Sinatra. Ao noso xeito, que diríamos aquí, a BMR segue facendo a súa particular recreación do concerto de aninovo da Filharmónica de Viena.

Que vostedes o aproveiten.

No nome da Banda Municipal de Ribadeo que os seus soños se fagan realidade neste 2006 que comeza.

S. López, músico da BMR

## PROGRAMA

### I-PARTE

(Grupo de Metais)

The King's March & Prince Eugene's March

J. Clarke

MARCH FOR TIMPANI AND BRASS

Brente Heisinger

(Solista: Irene Rodríguez)

### II – PARTE

(Banda de Música)

APPALACHIAN OVERTURE

James Barner

RHAPSODY IN BLUE

G. Gershwin

REDONDELA

R. Soutullo

(Banda de Música e Coral polifónica)

THE LITTLE DRUMMER BOY

H. Simeone/H. Onorati/K. Davis

WHITE CHRISTMAS

I. Berlina

(Banda de Música)

THE SECOND WALTZ

A. Shostakovich

Directora da Coral: M<sup>a</sup> do Carme Rodríguez Cancelo

Director da Banda: Lourenço Cruz